

Himno a Nosa Señora de Darbo

Día e noite á Virxe rondan
dous gardas con moito celo
día e noite á Virxe rondan
un é o monte Castelo } (bis)
e o outro é Varalonga. }

Tamén como a da Franqueira
como a Virxe dos Milagros
tamén como a da Franqueira
mellor moza é a de Darbo } (bis)
porque é Virxe mariñeira. }

Labradora e rianxeira
famosa Virxe de Darbo
labradora e rianxeira
qué Virxe che gana en garbo } (bis)
a Tí fermosa cangueira. }

Catro ermitas a rodean
á Nosa Virxe de Darbo
catro ermitas a rodean
Santa Marta e máis San Roque } (bis)
San Pedro e a Magdalena. }

Que non sexa un día amargo
que non sexa un día soso
nin tampouco un día amargo
a gozar pois de alegría } (bis)
en estas festas de Darbo. }

Letra e Música Eugenio Carballo